Pseudotsuga menziessi (Mirb.) Franco, 2010

- abeto de Douglas, pseudotsuga, susuga
- abeto de Douglas, pino de Oregón
- Douglas izeia
- avet de Douglas
- Douglas fir
- pinheiro de Douglas, pseudotsuga



ESTADO DE CONSERVACIÓN

EX **ES** **CR** **EP** **VU** **CA** **PM**

EX: en perigo de extinción; **ES**: extinta en estado silvestre; **CR**: en perigo crítico; **EP**: en perigo; **VU**: vulnerable; **CA**: case ameazada; **PM**: preocupación menor

DIVISIÓN	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Pinophyta	**Pinopsida**	**piñales**	**piñaceae**	***Pseudotsuga***

ORIXE

América.

CARACTERÍSTICAS

Árbore que pode acadar os 40 m de altura. Tronco recto, moi alto, coa codia grosa de cor pardo-avermellada, profundamente gretada coa idade. Copa cónica e regular, especialmente en exemplares novos, máis irregular coa idade. Follas aciculares, brandas e planas, dispostas en espiral ao redor das pólas. Son de cor verde clara e azulada. Os froitos teñen forma de cono, alongados, moi característicos. Floración na primavera e frutificación no outono.

HÁBITAT

Na súa área natural habita principalmente bosques montañosos. Prefire solos profundos e ben drenados. En canto ao clima, medra en zonas temperadas, frescas e húmidas.

DISTRIBUCIÓN

Natural do oeste do Canadá e dos Estados Unidos. Amplamente introducida en Europa e América do Sur.

CURIOSIDADES

A súa madeira é moi apreciada en construción e carpintería. É unha das árbores máis altas do mundo; algún exemplar acadou os 90 m no seu hábitat natural.